



OBXECTIVOS PARA OS ALUMNOS E ALUMNAS

- Potenciar o seu razoamento e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o computador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a súa comunicación con nenos e nenas da súa contorna e fóra da súa contorna próxima.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo: Linguas, Matemáticas, Coñecemento do Medio e Idiomas fundamentalmente.
- Favorecer a adquisición de habilidades e destrezas, así como o coñecemento das mesmas, noutras materias: Música, Plástica e Educación Física.
- Conquerir as capacidades plasmadas nas distintas programacións do Ciclos

OBXECTIVOS PARA OS MESTRES E AS MESTRAS

- Mellorar a formulación pedagóxica a través das TIC.
- Empregar o computador para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas,...
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats, ... a través de Internet.
- Colaborar na creación da páxina web do Centro, así como no seu mantemento actualizado e enriquecemento posterior da mesma.

OBXECTIVOS PARA A COMUNIDADE EDUCATIVA

- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación entre o Centro e os demais membros da comunidade educativa.
- Crear, a través da CEIP de Arzúa e AMPA do centro, unha plataforma educativa aproveitando a infraestrutura existente.

TAREFAS DO EQUIPO

- Acender e apagar diariamente a aula de informática
- Planificar as sesións de uso das aulas de informática por parte dos diferentes Ciclos
- Expor aos titores as diferentes posibilidades das actividades a realizar nas aulas
- Coñecer os programas ou traballos desenvolvidos en cada aula coas TIC
- Elaborar os horarios de uso das aulas (informática, audiovisuais e EDI).
- Garantir o bo funcionamento dos equipos
- Ofrecer recursos educativos aos diferentes niveis
- Instalar e desinstalar os programas necesarios para cada sesión
- Responsabilizarse do Plan TIC e dos recursos didácticos das aulas, aula de informática, audiovisuais e EDI.
- Realizar, coordinar e executar a formación do profesorado en canto ao seu itinerario formativo de acordo cos asesores.
- Avaliar o grao de aceptación das actividades expostas en entrevistas cos ciclos para corrixir o que presente algunha dificultade.
- Facilitar o uso cotián das ferramentas informáticas ao conxunto de profesores do claustro.